



OFERTA PERSOAL ESTATUTARIO 2022
Enfermeiro/a especialista en enfermmería familiar e comunitaria

2º EXERCICIO: PARTE ESPECÍFICA

INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba ten carácter eliminatorio. Este exercicio consta de dúas partes diferenciadas: un primeiro cuestionario con 50 preguntas teóricas tipo test con 5 de reserva (E51 á E55), que deberán ser contestadas a continuación do recadro "**Específico Parte teórica**" entre os números **E1** e **E55** e un segundo cuestionario de 50 supostos prácticos tipo test con 5 de reserva (E106 á E110), que deberán ser contestados a continuación do recadro "**Específico Parte práctica**" entre os números **E56** e **E110** da "FOLLA DE RESPOSTAS"
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **150 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, no suposto de que non teña que realizar o exercicio de lingua galega, advírtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS", no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.
Se ten que realizar o exercicio de lingua galega, permaneza no seu lugar. Ao finalizar o exercicio, garde este cuestionario no chan, baixo o seu asento e espere as indicacións para realizar a continuación o outro exame, en unidade de acto.

EXAME EN GALEGO

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS QUE FIGURAN NO REVERSO
DA FOLLA DE RESPOSTAS PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

1

2

3

4

5

6

7

8

9

10

11

12

13

14

15

16

17

18

19

20

21

22

23

24

25

26

27

28

29

30

31

32

33

34

35

36

37

38

39

40

41

42

43

44

45

46

47

48

49

50

51

52

53

54

55

56

57

58

59

60

61

62

63

64

65

66

67

68

69

70

71

72

73

74

75

76

77

78

79

80

81

82

83

84

85

86

87

88

89

90

91

92

93

94

95

96

97

98

99

100

1. Que tipo de sutura utilizaríamos nunha perna?

- A) Non reabsorbible, natural, 3/0.
- B) Reabsorbible, sintético, 2/0.
- C) Non reabsorbible, sintética, 5/0.
- D) Reabsorbible, natural, 4/0.

2. Na consulta de enfermería Brais, de 16 anos, coméntanos que consume alcol de forma ocasional cos seus amigos. O cribado do consumo de risco de alcol mediante o AUDIT-C = 4. Que significa este resultado?

- A) Non se clasifica como un consumo de risco.
- B) Estamos ante un consumo de risco, polo que deberemos cuantificar as UBEs.
- C) Trátase dun consumo prexudicial, fase previa á dependencia.
- D) Indícanos unha probable dependencia ao alcol.

3. Respecto ao manexo da dor en pacientes en situación de últimos días recoméndase:

- A) A prescrición de analxésicos de forma rutineira en canto se identifique a situación de últimos días.
- B) En caso de dor moderada ou grave o tratamento de elección é o paracetamol asociado a AINES.
- C) Asociar medidas non farmacolóxicas vinculadas ao uso dos fármacos.
- D) En caso de inicio de tratamento opioide usar morfina de acción prolongada como tratamento de elección.

4. O proceso que permite ás persoas incrementar o control sobre os determinantes da saúde para melloralas, denomínase:

- A) Educación para a saúde.
- B) Promoción da saúde.
- C) Prevención primaria.
- D) Mapeo de activos en saúde.

5. No programa formativo da especialidade de Enfermería Familiar e Comunitaria desenvólvense e agrúpanse as competencias específicas que debe adquirir a especialista en Enfermería Familiar e Comunitaria. Dentro das competencias clínicas avanzadas no ámbito familiar e comunitario, non se atopa:

- A) Atención na infancia e adolescencia.
- B) Atención ante urxencias, emerxencias e catástrofes.
- C) Atención en situacións de fragilidade e risco socio-sanitario.
- D) Atención na xestión de coidados e servizos no ámbito familiar e comunitario.

6. Entendemos por EBE (enfermería baseada na evidencia) o “proceso polo cal as enfermeiras toman decisións clínicas usando as mellores probas dispoñibles sustentadas na investigación, a súa experiencia clínica e as preferencias do paciente no contexto dos recursos dispoñibles”. Este proceso consta de varias etapas/fases. Sinala a resposta incorrecta:

- A) Elaboración dunha pregunta.
- B) Análise crítica.
- C) Comparación de resultados.
- D) Busca bibliográfica.

7. Que método de investigación cualitativa ten como obxectivo descubrir a experiencia íntima das persoas que viviron unha situación específica?

- A) A teoría fundamentada.
- B) A etnografía.
- C) A fenomenoloxía.
- D) A investigación acción participativa.

8. Dos seguintes grupos de fármacos empregados no tratamento da diabetes mellitus tipo 2. Cal presenta maior risco de hipoglicemia?

- A) Meglitinidas.
- B) Agonistas do receptor de GLP1.
- C) Inhibidores de SGLT2.
- D) Glitazonas.

9. Segundo as guías 2021 da ERC, en relación cos coidados inmediatos postreanimación, sinale a resposta incorrecta:

- A) Manter unha saturación de osíxeno entre 94–98%.
- B) Ter como obxectivo unha TAS maior de 120mmHg.
- C) Manter unha temperatura constante de 32°C–36°C.
- D) Realizar ECG de 12 derivacións.

10. Sinale a resposta incorrecta cando falamos de enfermidade meningocócica en Galicia:

- A) Ten dúas formas clínicas, a septicemia e a meninxite.
- B) O seu axente etiolóxico é a Neisseria Meningitidis (meningococo).
- C) Os serogrupos B e C son os de menor importancia en Galicia.
- D) O calendario de inmunización de Galicia inclúe a vacina fronte ao serogrupo C.

11. Segundo o método Hanlon de priorización de problemas, cando falamos de severidade dun problema, referímonos a:

- A) O número de persoas afectadas.
- B) A dificultade que temos para actuar sobre o problema.
- C) A gravidade do problema.
- D) A posibilidade de aplicar solucións.

12. Cal das seguintes non é unha manifestación clínica típica da enfermidade de Alzheimer?

- A) Alodinia.
- B) Afasia.
- C) Acalculia.
- D) Agnosia.

13. Respecto aos inhaladores de cartucho presurizado (ICP), non é certo:

- A) Débese esperar polo menos 30 segundos para administrar unha segunda dose.
- B) Os ICP de partículas extrafinas poden provocar o chamado efecto freón-frío, que pode deter a inspiración.
- C) A principal vantaxe dos ICP é o baixo fluxo respiratorio que precisa para ser utilizado.
- D) Recoméndase seleccionar o dispositivo inhalatorio en base ás características do paciente.

14. Segundo a Lei 41/2022, do 14 de novembro, básica reguladora da autonomía do paciente e de dereitos e obrigacións en materia de información e documentación clínica, cal dos seguintes enunciados sobre o consentimento informado é incorrecto?:

- A) Toda actuación no ámbito da saúde dun paciente necesita o consentimento escrito, libre e voluntario do afectado, unha vez que recibida a información, valorase as opcións propias do caso.
- B) Todo paciente pode revogar libremente por escrito o seu consentimento en calquera momento.
- C) O consentimento será verbal por regra xeral.
- D) O consentimento prestarase por escrito nos seguintes casos: intervención cirúrxica, procedementos diagnósticos e terapéuticos invasores e, en xeral, aplicación de procedementos que supoñen riscos ou inconvenientes de notoria e previsible repercusión negativa sobre a saúde do paciente.

15. Os acontecementos vitais estresantes son aqueles:

- A) Usados como unha experiencia vital.
- B) Que aparecen ante calquera situación especial.
- C) Percibidos como negativos e non desexados.
- D) Que achegan acontecementos vitais.

16. As conferencias internacionais de promoción da saúde celebradas pola OMS (Organización Mundial da Saúde) desde o ano 1986, estiveron marcadas por un obxectivo concreto. Sinale a resposta incorrecta:

- A) Ottawa, 1986: "Saúde para todos no ano 2000".
- B) Sundsvall, 1991: "Contornas favorables para a saúde".
- C) Helsinqui, 2013: "Chamada á acción para pechar a brecha de implementación en promoción da saúde".
- D) Shangai, 2016: "Promoción da saúde, promoción dun desenvolvemento sostible".

17. En relación coas recomendacións de actividade física para a poboación adulta, sinale a resposta incorrecta:

- A) Un mínimo de 150 minutos á semana de actividade física moderada.
- B) Un mínimo de 50 minutos á semana de actividade vigorosa.
- C) Unha combinación equivalente de actividade moderada e vigorosa.
- D) A actividade física realizarase en bloques dunha duración mínima de 10 minutos.

18. Un suceso imprevisto que causa a morte ou graves danos físicos ou psicolóxicos ou ten risco de causalos, corresponde a:

- A) Un evento adverso.
- B) Un evento sentinela.
- C) Un efecto secundario.
- D) Un efecto colateral.

19. No modelo APOC (Atención Primaria Orientada á Comunidade) o equipo de atención primaria (EAP) asume a responsabilidade da mellora da saúde de todas as persoas e familias da comunidade para a que traballa e non só da atención dos pacientes que demandan asistencia. Existen diferentes niveis de orientación comunitaria en saúde. Sinale a resposta correcta:

- A) Son 2 niveis: nivel individual/familiar e nivel grupal/colectivo.
- B) Son 3 niveis: nivel individual e familiar, nivel grupal e nivel colectivo.
- C) Son 4 niveis: nivel individual, nivel familiar, nivel grupal e nivel colectivo.
- D) Son 5 niveis: nivel individual, nivel familiar, nivel grupal, nivel colectivo e nivel comunitario.

20. Segundo recolle o Real decreto 450/2005, do 22 de abril, sobre especialidades de enfermería, non é unha función da Comisión Nacional dunha especialidade:

- A) Designar, de entre os seus membros, ao presidente e ao vicepresidente da Comisión.
- B) Resolver as solicitudes de acreditación das unidades docentes.
- C) Elaborar e propoñer o programa de formación e a súa duración.
- D) O establecemento de criterios para a avaliación das unidades docentes e formativas.

21. A terapia hormonal substitutiva para a menopausa está contraindicada nos seguintes casos, excepto:

- A) Cancro de mama.
- B) Enfermidade hepática inactiva.
- C) Enfermidade tromboembólica.
- D) Risco alto de cancro de mama.

22. Na educación para a saúde, un dos aspectos fundamentais para poder desenvolve-la é que a persoa se atope motivada para iniciar un cambio nos estilos de vida. Con respecto ao modelo de cambio exposto por Prochaska e Di Clemente, sinala a resposta correcta:

- A) Precontemplación: tense consciencia de que existe un problema e pénsase en superalo, pero aínda non se decidiu pasar á acción.
- B) Contemplación: combínanse intención e toma de decisión; ás veces, empézase introducindo pequenos cambios.
- C) Acción: modifica o seu comportamento e a súa contorna co fin de superar o que considera un problema.
- D) Recaída: persisten e consolídanse os resultados obtidos na súa acción como mínimo 6 meses.

23. Durante a entrevista motivacional, o estilo comunicativo máis apropiado é:

- A) Estilo de guía.
- B) Estilo de acompañamento.
- C) Estilo directivo.
- D) Estilo de confrontación.

24. Cal é a manifestación extraarticular máis frecuente da artrite reumatoide?

- A) Síndrome de Sjögren.
- B) Discrasias sanguíneas.
- C) Nódulos reumatoides.
- D) Neuropatías.

25. Un índice de 17 na escala de Braden para a predición do risco de úlceras por presión, indícanos:

- A) Risco alto.
- B) Risco medio.
- C) Risco baixo.
- D) Sen risco.

26. Cal das seguintes intervencións non estaría indicada para tratar a diarrea secundaria á administración de nutrición enteral?

- A) Administrar a dieta a temperatura ambiente.
- B) Diminuír a velocidade de administración da dieta.
- C) Elevar a cabeceira da cama 30–45°.
- D) Modificar o tipo de fibra da dieta.

27. Nun pé diabético temos unha lesión ulcerosa profunda infectada que penetra en pel, graxa e ligamentos pero sen afectar ao óso. Segundo a escala de Wagner– Merrit, cal sería o grao desta lesión?

- A) Grao 1.
- B) Grao 2.
- C) Grao 3.
- D) Grao 4.

28. En relación á campaña de inmunización fronte ao virus respiratorio sincitial (VRS) do Programa Galego de Vacinación, sinale o enunciado incorrecto:

- A) A inmunización está indicada nos acabados de nacer durante a tempada do VRS.
- B) Evidénciase unha protección mantida durante polo menos 5 meses fronte ás infeccións respiratorias producidas por VRS.
- C) Os nenos con condicións de alto risco poden recibir unha segunda dose se teñen menos de 24 meses en campaña.
- D) A reacción adversa máis frecuente é a erupción cutánea nos 7 días posteriores á administración.

29. A enfermeira na consulta de atención primaria debe autoxestionar a súa axenda de traballo na medida do posible. Segundo os criterios de calidade das axendas de enfermería de atención primaria do SERGAS, sinale a resposta incorrecta:

- A) Acto "DOCTI": os/as titores/as da especialidade de Enfermería familiar e comunitaria poderán dispoñer de tempo para realizar labores relacionados coa docencia especializada dentro do tramo de actividade asistencial.
- B) O tempo mínimo asignado ao tramo de actividade asistencial será de 300 minutos (5 horas), nos que se pode incluír un tramo específico para a extracción de sangue, modulable segundo a demanda, e que non superará os 120 minutos.
- C) Para mellorar a accesibilidade ao sistema sanitario, as axendas deberán comezar a actividade asistencial cun acto "PRG" (programada) no centro.
- D) As/os enfermeiras/os de atención primaria dispoñerán dun tempo diario de 5 minutos para a revisión periódica da unidade central de control.

30. A afectación cutánea relacionada co contacto prolongado con suor en zonas de pregaduras cutáneas, a que tipo de lesión asociada á humidade se corresponde?

- A) Dermatite por secreción.
- B) Dermatite por salivación.
- C) Dermatite por transpiración.
- D) Dermatite por exsudación.

31. No proceso de adaptación ao coidado pódense diferenciar unha serie de fases polas que pasa o coidador. Cal das seguintes fases é incorrecta?

- A) Fase 1. Negación ou falta de conciencia do problema.
- B) Fase 2. Procura da información.
- C) Fase 3. Negociación.
- D) Fase 4. Resolución.

32. En relación ás recomendacións dietéticas saudables e sostibles publicadas pola Axencia Española de Seguridade Alimentaria e Nutrición, sinala a resposta incorrecta:

- A) Consumir polo menos 4 racións de legumes á semana.
- B) O peixe conxelado e o enlatado teñen un valor nutricional similar ao fresco.
- C) Consumir un máximo de 3 racións de carne á semana.
- D) O consumo de sal non debe superar os 2 gramos ao día.

33. No momento actual podemos saber que pacientes da nosa cota atópanse hospitalizados. A través de que aplicativo do SERGAS podemos acceder a esta información? Sinala a resposta correcta:

- A) SIGAP.
- B) IANUS.
- C) WPRES – Perfís individuais.
- D) GIPI.

34. Está contraindicado o uso da vía subcutánea en pacientes en situación de últimos días en caso de:

- A) Presenza de síntomas refractarios.
- B) Anasarca.
- C) Delirio terminal.
- D) Deshidratación.

35. Calquera proceso de acción comunitaria necesita desenvolver un traballo en rede a nivel local, aínda que tamén articulado con outros niveis (autonómico e estatal) que, co seu compromiso institucional, poden apoiar a dinamización da acción comunitaria. Con respecto ás etapas do ciclo de acción comunitaria, sinala a resposta correcta:

- A) Fase 0: facer equipo e rede.
- B) Fase 1: punto de partida, coñecerse e recoñecerse.
- C) Fase 2: explorar a comunidade.
- D) Fase 5: avaliar.

36. Entre os efectos secundarios dos anticonceptivos orais combinados atópanse:

- A) Cefalea.
- B) Sangrados intermenstruais.
- C) Aumento de peso.
- D) Aumento de tensión mamaria.

37. Con respecto á Axenda 2030 e aos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS), sinala a resposta incorrecta:

- A) Os ODS constitúen un chamamento universal á acción para poñer fin á pobreza, protexer o planeta e mellorar as vidas e as perspectivas das persoas en todo o mundo.
- B) Componse de 17 obxectivos, 169 metas e 232 indicadores.
- C) O obxectivo 5 corresponde ao de Saúde e Benestar: garantir unha vida sa e promover o benestar de todos a todas as idades.
- D) A Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible é un plan de acción a favor das persoas, o planeta e a prosperidade, que tamén ten a intención de fortalecer a paz universal e o acceso á xustiza.

38. Á hora de facer a limpeza do instrumental cirúrxico debemos de ter en conta o seguinte:

- A) Empregar cepillos de serdas metálicas.
- B) Os equipos de limpeza por ultrasóns non danan o medio ambiente.
- C) Realizar limpeza de arrastre do material orgánico baixo chorros de auga quente.
- D) Os deterxentes deben de ter unha alta formación de espuma e ser fáciles de quitar durante o aclarado.

39. Cal das seguintes fases non pertence á etapa de planificación do Proceso de Atención de Enfermería?

- A) Análise e interpretación dos datos.
- B) Establecemento de prioridades.
- C) Formulación de criterios de resultado.
- D) Determinación das intervencións de enfermería.

40. Cal das seguintes indicacións sobre a vacinación fronte ao herpes zóster en persoas maiores de 18 anos é incorrecta?

- A) Nos transplantes de proxenitores hematopoéticos (TPH), a primeira dose administrarase 6 meses despois do transplante.
- B) En pacientes con episodios de herpes zóster de repetición, a primeira dose administrarase polo menos 3 meses despois do último episodio.
- C) Nos pacientes tras un transplante de órgano sólido (TOS), a primeira dose administrarase 4–8 meses desde o transplante.
- D) En pacientes con tumores sólidos a tratamento con quimioterapia, a primeira dose pódese administrar 10 días antes ou o mesmo día de inicio do tratamento.

41. Cales son as fases do ciclo de mellora continua da calidade?

- A) Identificar, implementar, rectificar, reaxustar.
- B) Planificar, facer, verificar, actuar.
- C) Comprobar, realizar, axustar, avaliar.
- D) Describir, organizar, mellorar, modificar.

42. Na Lei orgánica 3/2021, do 24 de marzo, de regulación da eutanasia aparecen descritos os requisitos que é preciso cumprir para poder recibir a prestación de axuda para morrer. Sinale a resposta incorrecta:

- A) Dispoñer por escrito da información que exista sobre o seu proceso médico, as diferentes alternativas e posibilidades de actuación, incluída a de acceder a cuidados paliativos integrais.
- B) Ter formulado dúas solicitudes de maneira voluntaria e por escrito, ou por outro medio que permita deixar constancia e que non sexa resultado de ningunha presión externa, deixando unha separación de polo menos quince días naturais entre ambas.
- C) Ter a nacionalidade española ou certificado de empadroamento que acredite un tempo de permanencia en territorio español superior a seis meses ou ser residente na Unión Europea, ter a maioría de idade, ser capaz e consciente no momento da solicitude.
- D) Sufrir unha enfermidade grave e incurable ou un padecemento grave, crónico e imposibilitante nos termos establecidos na lei, certificada polo médico responsable.

43. A análise dun protocolo no que se describen as actividades que debe levar a cabo unha enfermeira cos pacientes con diabetes mellitus, é un tipo de análise:

- A) De estrutura.
- B) De proceso.
- C) De resultado.
- D) De calidade.

44. As persoas deben ser o centro da acción comunitaria e, por tanto, dos procesos de toma de decisións para que estes sexan efectivos. A participación social é un mecanismo clave de redistribución de poder que permite abordar as desigualdades sociais. Con respecto aos compoñentes da participación, sinale a resposta incorrecta:

- A) Grao de interacción: é o intercambio de información e influencia na toma de decisións das persoas ou grupos participantes.
- B) Alcance: a cantas persoas está implicando.
- C) Amplitude: a diversidade das persoas que participan.
- D) Un proceso participativo terá máis calidade canto maior sexa o grao de interacción, sendo o nivel 1 (decisión–acción conxunta) o mínimo para poder considerar que está dándose realmente un proceso de participación comunitaria.

45. Non é unha estratexia comunicativa propia da entrevista motivacional:

- A) Formular preguntas abertas.
- B) A escoita reflexiva.
- C) Facer resumos.
- D) Rol de experto.

46. Segundo a OMS «a educación sanitaria baséase en inducir ás persoas para adoptar e manter os costumes dunha vida sa, a utilizar razoablemente os servizos sanitarios postos á súa disposición e tamén a tomar decisións, individual e colectivamente, para mellorar o seu estado de saúde e o do medio no que habitan». Existen diferentes tipos de intervención na educación para a saúde. Sinale a resposta incorrecta:

- A) Consello/información.
- B) Educación individual.
- C) Promoción da saúde.
- D) Educación comunitaria.

47. En relación coa construción do xenograma, sinala a resposta incorrecta.

- A) Para coñecer quen é o caso índice, o símbolo que o representa rodéase cun dobre trazo.
- B) As cuidadoras formais débúxanse cun triángulo que rodea ao símbolo do xénero.
- C) Todas as persoas que conforman unha familia identifícanse por un cadrado se é home.
- D) Todas as persoas que conforman unha familia identifícanse por un círculo se é muller.

48. Que patrón funcional de Marjory Gordon estaría a valorar se realizase o test de Yesavage a un paciente?

- A) Cognitivo-Perceptivo
- B) Rol-Relacións.
- C) Autopercepción-Autoconcepto.
- D) Adaptación-Tolerancia ao estrés.

49. Cal dos seguintes é un signo de alerta no desenvolvemento psicomotor en nenos de 6 meses?

- A) Reflexo de Moro presente.
- B) Sedestación con apoio.
- C) Capacidade para pasar de prono a supino.
- D) Trata de captar a atención emitindo sons.

50. O Plan Galego de Atención Primaria 2019-2021 baséase nun modelo centrado na persoa para o desenvolvemento dunha atención integral. As liñas estratéxicas e as accións contidas neste plan desenvolven os catro eixos da Estratexia Sergas 2020. Sinala a resposta correcta en relación a estes catro eixos:

- A) Profesionais comprometidos e proactivos. Xestión eficiente que contribúa á sustentabilidade do sistema sanitario. Infraestruturas e sistemas de información adaptados ás necesidades dos pacientes e profesionais. Atención integral adaptada ás necesidades dos pacientes, familiares e cuidadores.
- B) Profesionais comprometidos e proactivos. Xestión sostible do sistema sanitario. Infraestruturas, equipamentos sanitarios e sistemas de información adaptados ás necesidades dos pacientes e profesionais. Atención integral entendendo ao paciente como un ser biopsicosocial.
- C) Profesionais comprometidos e coidados pola organización. Xestión eficiente que contribúa á sustentabilidade do sistema sanitario. Infraestruturas, equipamentos sanitarios e sistemas de información adaptados ás necesidades dos pacientes e profesionais. Atención integral adaptada ás necesidades dos pacientes, familiares e cuidadores.
- D) Profesionais comprometidos e coidados pola organización. Xestión sostible do sistema sanitario. Infraestruturas e sistemas de información adaptados ás necesidades dos pacientes e profesionais. Atención integral entendendo ao paciente como un ser biopsicosocial.

51. Cal dos seguintes valores que deben guiar o proceso formativo das enfermeiras especialistas en Enfermería Familiar e Comunitaria non se atopa recollido no programa formativo da especialidade?

- A) Compromiso coa mellora continua da calidade.
- B) Compromiso co desenvolvemento comunitario.
- C) Compromiso coa seguridade dos usuarios e pacientes.
- D) Compromiso coa sociedade, a equidade e a eficiente xestión dos recursos.

52. Entendemos por EBE (enfermería baseada na evidencia) o “proceso polo cal as enfermeiras toman decisións clínicas usando as mellores probas dispoñibles sustentadas na investigación, a súa experiencia clínica e as preferencias do paciente no contexto dos recursos dispoñibles”. Sinale a resposta incorrecta:

- A) Este termo nace en 1997 coa celebración en Londres da I Conferencia Nacional sobre EBE.
- B) A EBE consta de 3 etapas/fases.
- C) A EBE ten as súas orixes nos anos 70, derivada da medicina baseada na evidencia (MBE).
- D) Florence Nightingale é considerada como unha das precursoras da EBE, ao sinalar que o uso da experimentación e a aplicación de coidados influía no logro de resultados positivos nos pacientes.

53. Na consulta de enfermería Xoel de 16 anos coméntanos que algunhas fins de semana queda cos seus amigos para beber a última hora da tarde. Tanto el como o seu grupo de amigos, ven esta situación como algo normal entre a xente da súa idade. Aproveitamos este momento para realizar un consello breve sobre o consumo de alcol. Sinale cal dos seguintes enunciados é incorrecto:

- A) Non existe un nivel seguro de consumo de alcol.
- B) Unha simple copa ao día pode ter relación directa co desenvolvemento de sete tipos de cancros: cavidade oral, colon, fígado, mama, farinxe/larinxe, esófago e estómago.
- C) Consumir alcol “en enchente” produce intoxicacións e pode provocar tolerancia ao alcol.
- D) Recomendaremos o consumo de bebidas fermentadas fronte ás bebidas destiladas.

54. Cal dos seguintes non é un modelo de xestión da calidade en saúde?

- A) EFQM.
- B) ISO.
- C) JCAHO.
- D) EARCAS.

55. A vía de elección para a administración de fármacos en pacientes en situación de últimos días é, preferentemente:

- A) Vía subcutánea.
- B) Vía intravenosa.
- C) Vía oral.
- D) Vía intramuscular.

56. Acodes a realizar unha visita domiciliar a Xosé de 88 anos, con deterioración cognitiva moderada e limitación importante da mobilidade. Pasa a maior parte do tempo na cama, levantándose unhas dúas horas ao sofá, coincidindo coas comidas principais. Vive coa súa filla Carmen, coidadora principal. Durante a valoración do patrón nutricional-metabólico a súa filla coméntache que cando lle dá de comer en ocasións se atragoa debido á súa disfaxia. Para previr o risco de aspiración lle recomendas:

- A) Dar pequenas tomas frecuentes de líquidos.
- B) Uso da flexión cervical anterior como estratexia postural.
- C) Incluír na dieta alimentos con texturas mixtas como a sopa con pasta.
- D) O uso de alimentación enteral con sonda nasogástrica.

57. Sabela é unha diabética tipo 1 de 16 anos que acode á nosa consulta preocupada porque lle custa moito regular as súas glicemias. Adestra a baloncesto 3 veces á semana durante dúas horas cada día. Utiliza insulina bolo-basal con bolígrafos. En relación cos controis de glicemia e a práctica de actividade física, sinala a resposta incorrecta:

- A) Recomendaremos a monitorización da glicosa antes, durante e tras a finalización do exercicio.
- B) Por cada hora de exercicio aconsellaremos a inxesta de entre 30-60 gr de hidratos de carbono.
- C) Os días de adestramento deberá incrementar nun 50% a inxesta de hidratos de carbono na comida previa ao comezo do exercicio.
- D) Se a glicemia antes do inicio do exercicio é maior ou igual de 350 mg/dl, deberase pospoñer o exercicio.

58. Sara de 37 anos acode á súa consulta para informarse sobre o novo programa de detección do cancro de cérvix. Revisamos a súa historia clínica e comprobamos que a última citoloxía realizouna hai 4 anos e que a pauta de vacinación fronte ao VPH está completa. En relación a este programa, sinala a resposta correcta:

- A) Non está indicado realizar a proba de detección do VPH porque está correctamente vacinada.
- B) Realizará unha nova citoloxía porque hai máis de 3 anos da anterior.
- C) Se a proba de detección do VPH é negativa repetirase o cribado aos 3 anos.
- D) Non debe realizar duchas vexinais nin usar óvulos nos dous días previos á recollida da mostra.

59. Acode á súa consulta un paciente de 67 anos con enfermidade renal crónica en estadio 3b solicitando información sobre a vacinación fronte á enfermidade pneumocócica. Sinala a resposta correcta:

- A) Se non ten antecedentes de vacinación, administrarase unha dose de VNC20 e un recordo aos cinco anos.
- B) Se recibiu unha dose da VNP23, administrarase unha dose de VNC20 cun intervalo de 6 meses.
- C) Se recibiu unha dose da VNC13, non necesita ningunha dose adicional.
- D) Se recibiu a pauta secuencial VNC13+VNP23, administrarase unha dose de VNC20 aos 5 anos.

60. Paciente de 24 anos que acode por picadura de avésa mentres corría en bicicleta polo monte. Presenta urticaria xeralizada, prurito e edema en beizos e lingua que lle dificulta a respiración. TA: 95/63 mmHg; FC: 62 lpm; Sat.O2 93%. Cal das seguintes actuacións non sería correcta?

- A) Se visualizamos o aguillón, retirarase con pinzas para non espremer o saco de veneno.
- B) Colocar ao paciente en posición cómoda, tombado, coas pernas elevadas para aumentar o retorno venoso.
- C) Administrar adrenalina intramuscular 0.3-0.5 mg en cara anterolateral da coxa.
- D) Canalizar un acceso venoso periférico para a administración de soro salino fisiolóxico.

61. Pepe é un paciente de 46 anos que acode á súa consulta para realizar un control de saúde. Ten unha analítica recente cos parámetros dentro da normalidade. TA 120/68mmHg. IMC 24. Non tabaquismo. Tendo en conta estes datos e segundo o Programa de Actividades Preventivas e de Promoción da Saúde (PAPPS), cal das seguintes recomendacións en materia de prevención de enfermidades cardiovasculares é incorrecta?

- A) Recoméndase un cribado anual da tensión arterial.
- B) Debe realizarse un cribado de colesterol total e cHDL cada catro anos.
- C) É necesario preguntar sobre o consumo de tabaco unha vez cada dous anos e rexistralo na historia clínica.
- D) Débese proporcionar educación sobre os beneficios de recibir actividade física de forma continuada e todos os prexuízos que conleva non facelo.

62. Hoxe acode á súa consulta Rosa que padece obesidade e diabetes mellitus. En anteriores visitas a enfermería rexistráronse cifras de tensión arterial ao redor de 150/95 mmHg. Vaille explicar o procedemento de AMPA. Que medida non estaría recomendada?

- A) Repouso cinco minutos antes da toma de tensión.
- B) Evitar estimulantes 30 minutos antes da medición.
- C) Medición pola mañá e pola tarde despois de tomar a medicación.
- D) Seleccionar o brazo coa presión arterial máis elevada.

63. A Rosalía acábanlle de prescribir osixenoterapia continua domiciliaria por hipoxemia crónica. En relación aos cuidados que debe ter en conta coa osixenoterapia domiciliaria, sinale a resposta incorrecta:

- A) Os dispositivos de osixenoterapia deben manterse afastados un mínimo de 2 metros de fontes de calor.
- B) As lentes nasais deben limparse a diario con auga e xabón, e cambialas cada 15–30 días.
- C) Co uso de alargadeiras non debe subirse o fluxo, e recoméndanse cambialas cada 90 días como máximo.
- D) En caso de irritación ou sequidade dos orificios nasais, usar cremas hidratantes de base oleosa, con vitamina E ou crema de cacao.

64. Josefa acode á súa consulta con sensación de mareo, cansazo e palpitacións. Monitorízaa e ve que se trata dunha taquicardia de QRS estreito e regular. Aplicamos manobras vagais que son inefectivas. Que fármaco estaría indicado administrar neste caso?

- A) Atropina 1 mg IV en bolo.
- B) Trangorex 300mg IV en bolo.
- C) Adenosina 6mg en bolo IV rápido.
- D) Isoproterenol 10mcg en infusión.

65. Uxía é unha muller embarazada de 33 anos que acode á consulta de enfermería preocupada polo seu recente diagnóstico de diabetes xestacional. Aconselláronlle a modificación dos estilos de vida pero está moi angustiada porque a súa nai e a súa avoa son diabéticas e coñece as complicacións que pode supoñer esta enfermidade. Despois de realizar unha escoita activa, abordamos as dúbidas que nos expuxo. Sinale a resposta correcta:

- A) Tranquilizarémola e informarlle de que no caso de que a modificación dos estilos de vida non sexa suficiente, o tratamento de primeira liña sería a metformina.
- B) As mulleres embarazadas con diagnóstico de diabetes xestacional teñen o mesmo risco de desenvolver diabetes tipo 2 no futuro que o resto de mulleres.
- C) Explicarlle que en mulleres con diagnóstico de diabetes xestacional, non é preciso realizar cribado da retinopatía diabética.
- D) Recomendarémolle realizar actividade física de intensidade leve de tipo aeróbico entre 2–5 días á semana.

66. Pedro acaba de sufrir un corte nun dedo da man esquerda cun coitelo mentres cortaba xamón. Ten rexistradas 3 doses da vacina fronte ao tétanos. Cal sería a indicación de vacinación fronte ao tétanos?

- A) Administrar unha dose da vacina Td e unha dose da inmunoglobulina antitetánica.
- B) Administrar unha dose da vacina Td se hai máis de 10 anos dende a última dose.
- C) Administrar unha dose da vacina Td se hai máis de 5 anos dende a última dose.
- D) Administrar unha dose da vacina Td para completar pauta independentemente do tempo que pasase dende a última dose.

67. Acode ao centro de saúde unha paciente por sensación de corpo estraño no ollo dereito. Tras a valoración e tinción con fluoresceína, conséguese extraer o corpo estraño, pautándolle tratamento posterior por vía oftálmica. Segundo o procedemento de administración da medicación a través da vía oftálmica do portal FEMORA, cal dos seguintes enunciados é correcto?

- A) Debe sentarse coa cabeza inclinada cara atrás, mirando cara abaixo.
- B) Débese aplicar a pomada antes que as gotas oftálmicas.
- C) En caso de precisar aplicar gotas de varios colirios á mesma hora, administrarallas polo menos con 3 minutos de diferenza.
- D) O saco conxuntival ten capacidade para 1–2 gotas.

68. Pepa, de 87 anos, dependente, usa cueiros por incontinencia urinaria. Acode por primeira vez ao seu domicilio para valoración, que escala aplicarías para valorar o risco de desenvolver dermatite asociada á incontinencia?:

- A) Escala EMINA.
- B) Escala MNA.
- C) Escala PAT.
- D) Escala Norton.

69. Berta de 72 anos, padece insuficiencia cardíaca, actualmente asintomática e en fase estable. En relación coas recomendacións que debe seguir, sinala a resposta incorrecta:

- A) Restrición relativa de menos de 3g de sodio ao día.
- B) Exercicio físico, como camiñar 30 minutos, cinco veces por semana.
- C) Control de peso, inxesta e diurese mínimo cinco veces á semana.
- D) Se viaxa en avión débese ter en conta o efecto da altitude na osixenación.

70. Julia é unha paciente asmática á que lle prescribiron un inhalador de pó seco multidoses e ten dúbidas sobre o seu manexo. En relación á técnica de inhalación con este dispositivo, sinala a resposta correcta:

- A) Cargar a dose e axitar.
- B) Baleirar os pulmóns preto da boquilla do dispositivo.
- C) Realizar unha inhalación rápida e profunda.
- D) A limpeza do dispositivo realízase cun pano húmido.

71. Avísannos por un paciente de 58 anos que acode ao centro de saúde ás 8 am por sensación de presión no peito, debilidade e malestar. Coméntannos que onte xogou un partido de pádel cos amigos e antes de deitarse notou unha molestia no peito pero non lle quixo dar máis importancia, deitouse e conseguiu durmir ata as 6 am cando volveu espertar coa mesma sensación antes de ir traballar. Ao realizar o ECG de 12 derivacións comprobamos elevación do ST en V3–V4. TA: 88/53 mmHg FC: 103 lpm Sat.O2 94%. Cal sería a actuación correcta por parte de enfermería?

A) Monitorización de electrocardiograma, vixilancia hemodinámica, manter ao paciente en decúbito supino sen elevación da padiola, canalización de vía venosa periférica de gran calibre en membro superior dereito e administración de O2 a alto fluxo.

B) Administrar un puff de nitroglicerina sublingual, manter a padiola coa cabeceira elevada, canalización de vía venosa periférica de gran calibre en membro superior esquerdo, repetir o ECG aos 5 minutos e administración de O2 por máscara tipo venturi ao 24%.

C) Monitorización de electrocardiograma, vixilancia hemodinámica, manter a padiola coa cabeceira elevada e canalización de vía venosa periférica de gran calibre en membro superior esquerdo.

D) Administración de 250–500 mg de AAS, manter ao paciente en decúbito supino sen elevación da padiola, canalización de vía venosa periférica de gran calibre e administración de O2 por lentes nasais a 3–4 l/min.

72. Sonia é nai lactante, acode á súa consulta para recibir información con respecto á lactación materna. Cal non sería unha recomendación para seguir?

A) As tomas non teñen que ser cada tres horas, o importante é que realicen polo menos oito tomas ao día.

B) En caso de ingurxitación mamaria recomendaráselle aumentar a frecuencia das tomas.

C) En caso de precisar suplementar, utilizar o leite de fórmula como primeira elección.

D) Pedir axuda a un profesional sanitario para que lle ensine as técnicas de extracción.

73. Carmen é unha paciente diabética de 70 anos diagnosticada hai máis de 10 anos e obesa (IMC=35). Na última analítica de sangue ten unha HbA1c de 10.2% e coméntanos que ultimamente bebe moitísimo e está a ouriñar constantemente. Tras ser valorada polo médico é derivada á nosa consulta para iniciar insulinoaterapia con insulina basal. Con respecto ao manexo do bolígrafo de insulina, sinala a resposta correcta:

A) Deberá utilizar agullas de insulina de 8 mm de diámetro en ángulo de 90°.

B) Débese manter pulsado o botón ata introducir a dose total, soltar o botón e contar ata 10 antes de retirar a agulla.

C) Recomendaremos dividir as zonas en cuadrantes, utilizar un mesmo cuadrante durante unha semana seguindo o sentido das agullas do reloxo e espazar cada inxección da anterior polo menos 1 cm.

D) Os bolígrafos que estean en uso poden manterse fóra da neveira durante un mes a temperatura ambiente (non superior a 25°C).

74. Xosé, de 50 anos, foi incluído no Programa galego de detección precoz do cancro colorrectal. Tras dar un resultado anómalo no test de sangue oculto en feces realizóuselle unha colonoscopia diagnóstica, sendo esta normal (non se observaron lesións con sospeita de malignidade). Cando se terá que repetir novamente o cribado a Xosé?

A) O cribado realizarase mediante test de sangue oculto en feces aos 10 anos.

B) O cribado realizarase cada dous anos ata que cumpra 70 anos.

C) O cribado realizarase mediante colonoscopia aos 10 anos, dados os antecedentes do paciente.

D) Non precisa repetir o cribado xa que o resultado da colonoscopia é normal.

75. Luis é un paciente hipertenso de grao 1, a tratamento con dieta e fármacos antihipertensivos. Actualmente ten a tensión arterial controlada, tolera o tratamento e non presenta afectación orgánica significativa. Vostede recoméndalle que pida cita para seguimento, sinale a resposta correcta:

- A) Revisión cada 6 meses con enfermería e en consulta médica.
- B) Revisión cada 3–6 meses con enfermería e unha vez ao ano en consulta médica.
- C) Revisión cada 2–4 meses con enfermería e cada 6 meses en consulta médica.
- D) Revisión mensual con enfermería e cada 6 meses en consulta médica.

76. Ramón é un home de 68 anos cunha hipertrofia benigna de próstata pendente de intervención cirúrxica. Desde hai 4 meses é portador dunha sonda vesical porque lle custa moito ouriñar de forma espontánea e facía retencións agudas de ouriños con frecuencia. Acode á nosa consulta porque esta mañá ao baleirar a bolsa, os ouriños ulían moi forte e no traxecto da sonda obsérvanse sedimentos. Dinos que non tivo febre nin malestar. Comprobamos que o último cambio de sonda foi hai 7 semanas. Cal sería a actuación correcta neste caso?

- A) Realizaremos control de temperatura e derivarémolo ao médico para que lle prescriba antibioterapia empírica, xa que se trata dun home con clínica compatible.
- B) Desconectaremos a bolsa, recolleremos unha mostra de ouriños directamente da sonda e realizaremos unha tira de ouriños para descartar infección do tracto urinario.
- C) Explicaremos que a presenza de piuria e o olor forte dos ouriños adoitan ser suxestivos de infección do tracto urinario. Se o cultivo de ouriños presenta máis de 10^{2-3} UFC o médico terá que prescribir antibioterapia.
- D) Aproveitaremos para realizar o cambio de sonda vesical, tentar recoller unha mostra de ouriños de micción media espontánea e, se non fose posible, colocaremos unha nova sonda vesical e recolleremos a mostra de ouriños para cultivo.

77. Paco é un paciente hipertenso que acode á súa cita programada con enfermería para recibir algúns consellos sobre modificacións no estilo de vida que lle poidan axudar a regular a tensión arterial. Que non lle recomendaría a Paco?

- A) Reducir o sal, non máis de 5g ao día.
- B) Limitar a inxesta de alcol.
- C) Manter unha circunferencia abdominal menor de 90 cm.
- D) Exercicio físico moderado, aeróbico e dinámico.

78. Juan é un paciente portador dunha ileostomía. Cal das seguintes recomendacións sobre o seu coidado é incorrecta?

- A) Tomar a froita pelada, madura e sen sementes.
- B) Beber abundantes líquidos, preferentemente fóra das comidas.
- C) A bolsa recolectora debe baleirarse aos dous terzos da súa capacidade.
- D) Pode ducharse, con ou sen bolsa.

79. Manuel, de 54 anos, sufriu un accidente cerebrovascular (ACV). Acode á consulta acompañado da súa muller. Cando entrevistas ao paciente, este comprende perfectamente as preguntas que lle realizas pero observas que ten seriamente afectada a expresión verbal como secuela do ACV. Como se denomina esta alteración?

- A) Afasia motora.
- B) Afasia sensitiva.
- C) Afasia global.
- D) Afasia de condución.

80. Xabier foi intervido por unha neoplasia vesical e fixéronlle unha urostomía tipo bricker. Déronlle a alta hai 3 días e acode á nosa consulta porque cre que a bolsa perde ouriños. Ten un sistema dunha peza que lle colocaron o día que se foi de alta e tráeo reforzado con esparadrapo para evitar fugas. En relación co manexo dos dispositivos de urostomía, sinale a resposta correcta:

- A) O sistema dunha peza é o máis recomendable para as urostomías e debe cambiarse cada 72h.
- B) Recoméndase aplicar pos secantes e reforzar os discos das bolsas de urostomía con esparadrapo para evitar fugas e que se erosione a pel periestomal.
- C) É aconsellable cambiar a bolsa de urostomía cada 24h independentemente de que o sistema de recollida sexa dunha ou de tres pezas.
- D) No caso das urostomías débese utilizar un disco convexo para favorecer que o estoma se desplace cara adiante e evitar así a fuga de ouriños ao redor do estoma.

81. Carmen é unha paciente en situación de últimos días con sedación paliativa. Durante a visita domiciliaria, a familia coméntache que Carmen está tranquila, aparentemente sen dor, pero que comezou con ruídos durante a respiración e cren que está a sufrir e cóstalle respirar. Cando valoras a Carmen, non aprecias signos de disconfort pero presenta estertores. Que medida non farmacolóxica para o manexo dos estertores estaría recomendada?

- A) Utilizar a posición de decúbito lateral ou semiprono.
- B) Aspirado de secrecións traqueais.
- C) Non realizar hixiene bucal para evitar que se produzan máis secrecións.
- D) Administrar butilescopolamina bromuro (buscapina) vía subcutánea.

82. Acode en ambulancia medicalizada ao domicilio de Juan e ao chegar atópao tombado na súa cama con diaforese, mareo, palidez, dor torácica e dificultade respiratoria. Monitorízao e tómallo constantes: TA 87/55mmHg, FC 30 lpm, SpO₂ 92%. Tendo estes datos en conta, que fármaco administraría de primeira elección?

- A) Adrenalina 1 mg IV.
- B) Atropina 500mcg IV.
- C) Atropina 0.5mg IM
- D) Ventolin 1 mg SC.

83. Xoana é unha muller de 58 anos que acode á nosa consulta preocupada porque se lle escapan pequenas gotas de ouriños cando tose ou ri moito. Coméntanos que traballa nunha oficina con quenda partida e coida da súa nai dependente polas noites. Para aguantar o ritmo bebe 3–4 cafés ao día e fuma 10 cigarros porque lle axuda a estar relaxada. IMC=31.5. Que recomendación fariamos para a súa incontinencia?

- A) Recomendaremos acondicionar a contorna e eliminar posibles barreiras físicas que dificulten o acceso ao baño.
- B) A perda de peso, principalmente en obesidade moderada e mórbida, pode reducir as perdas de ouriños, especialmente en incontinencia urinaria de urxencia.
- C) A tose crónica asociada ao tabaco pode danar e empeorar o esfínter.
- D) O consumo de cafeína aumenta a clínica de incontinencia urinaria e diminúe a presión do detrusor.

84. Unha parella acode ao centro de saúde coa súa filla de 3 anos, á que corresponde a administración da vacina tetravírica. Durante a entrevista previa coméntanche que a súa filla ten intolerancia ao ovo. Cal sería o procedemento a seguir?

- A) Pospoñer a administración da vacina ata que mellore o cadro de intolerancia ao ovo.
- B) Solicitar probas de alerxia ao ovo; administrar a vacina só en caso de resultado negativo.
- C) Administrar a vacina normalmente, seguindo as precaucións habituais.
- D) Derivar ao servizo de alergoloxía para valorar a administración da vacina nun centro hospitalario.

85. Carmen é unha paciente de 45 anos, fumadora duns 15 cigarros diarios, que acode a consulta por tose crónica. Ante a sospeita de EPOC, solicitan realizar unha espirometría con proba broncodilatadora. En relación a esta proba, cal das seguintes afirmacións é certa?

- A) Suspender 8 horas antes os broncodilatadores de acción longa.
- B) É un criterio de reproducibilidade que as diferenzas entre os dous mellores valores do FEV1 e da FVC sexan menos de 150ml ou do 5%.
- C) Unha cirurxía abdominal realizada nas últimas 6 semanas é unha contraindicación relativa.
- D) A presenza dun FEV1 /FVC postbroncodilatador menor a 0,8 confirma a presenza de obstrución ao fluxo aéreo.

86. Carmen é unha paciente inmobilizada, con deterioración cognitiva grave, que acaba de ser dada de alta do hospital tras colocarlle unha sonda tipo PEG. Durante a visita, explicas á súa filla os coidados e manexo da sonda PEG. Respecto á administración de medicación non está indicado:

- A) Lavar a sonda con 5cc de auga despois de administrar cada fármaco.
- B) Os fármacos triturados diluiranse en 10–15 cc de auga para a súa administración.
- C) Os fármacos de liberación retardada administraranse de primeiros e sempre diluídos.
- D) Evitar administrar os medicamentos mesturados coa alimentación.

87. Mariña ten 59 anos e é diabética tipo 2 diagnosticada recentemente. Está preocupada porque a súa nai tamén é diabética e tivo úlceras nas pernas nalgunha ocasión. Explícanos que ten uns xoanetes que lle dan moito a lata porque sae todos os días a camiñar unha hora cun grupo de amigas e adoitan rozar co calzado. Segundo as últimas recomendacións da guía de práctica clínica do International Working Group on the Diabetic Foot (IWGDF), sinala a resposta correcta:

- A) En persoas con menos de 5 anos de evolución da enfermidade o risco de ulceración IWGDF=0, polo que recomendaremos realizar actividade física de baixo impacto para evitar lesións nos pés.
- B) Comprobaremos que non existen lesións neste momento, valoraremos a presenza de pulsos pedios e avaliaremos a presión protectora co monofilamento de 10gr de Semmes–Weinstein para identificar o pé de risco.
- C) A presenza de deformidades óseas (hallux valgus) indica pé de risco IWGDF=1, polo que deberemos reevaluar cada 6–12 meses.
- D) Recomendaremos utilizar calzado cunha lonxitude 1–2 cm maior có tamaño do pé, valorando a medida co paciente en bipedestación e á primeira hora do día para evitar o edema.

88. Cristina leva semanas con dispepsia e epigastralxias. O seu médico solicitoulle unha proba de feces para analizar a presenza da bacteria *Helicobacter pylori*. En relación ás recomendacións para a recollida de feces e preparación previa, sinale o enunciado correcto:

- A) Non debe tomar inhibidores da bomba de protóns polo menos 7 días antes da proba.
- B) Debe evitar tomar antibióticos como mínimo 14 días antes de realizar a proba.
- C) Pode seguir tomando hidróxido de aluminio porque non interfere nos resultados da proba.
- D) Débese recoller unha mostra de feces do tamaño dunha noz e gardala refrixerada na neveira un máximo de 12 horas.

89. Xosé, de 69 anos, actualmente está a ser tratado con quimioterapia polo seu proceso oncolóxico. A quimioterapia adminístranlla de forma ambulatoria mediante infusor conectado a reservorio subcutáneo. Hoxe acode á consulta de enfermería para retirar o infusor e realizar o selado do reservorio. Que cantidade de solución de heparina sódica sería a indicada segundo a guía FEMORA de procedemento de canalización e coidados do reservorio subcutáneo?

- A) 10 ml de solución de heparina sódica 20 UI/ml.
- B) 5ml de solución de heparina sódica 20 UI/ml.
- C) 5 ml de solución de heparina sódica 10 UI/ml.
- D) 2,5 ml de solución de heparina sódica 20 UI/ml.

90. Convidárona a participar nunha charla informativa no centro cívico sobre a campaña de vacinación fronte á gripe e COVID-19. Cal dos seguintes grupos non está incluído na poboación diana para vacinación fronte á gripe e COVID-19?

- A) Mulleres embarazadas e puérperas nos primeiros 6 meses tras o parto.
- B) Persoal de oficinas de farmacia.
- C) Forzas e corpos de seguridade do Estado.
- D) Estudantes en prácticas de centros sanitarios.

91. Luis é trasladado en ambulancia ao servizo de urxencias con edema de vía aérea, disnea, sibilancias, tose e hipotensión. Ao entrevistar á súa muller infórmanos que ten alerxia a certos alimentos e hoxe tivo unha comida de empresa. Ante a sospeita de tratarse dun shock anafiláctico, que tratamento sería correcto administrar?

- A) Adrenalina 1 mg IM.
- B) Adrenalina 1 ml IV.
- C) Adrenalina 0,5 mg IV.
- D) Adrenalina 0,5 ml IM.

92. Proponse realizar un estudo que analiza a relación entre o exercicio físico regular e a aparición de diabetes nun grupo de xubilados non diabéticos. Para levar a cabo este estudo, o deseño que se escollerá será:

- A) Ensaio comunitario.
- B) Estudo casos e controis.
- C) Ensaio controlado aleatorio.
- D) Estudo de cohortes.

93. Luis é un paciente con EPOC a tratamento cun anticolinérxico de acción prolongada (LAMA). Cal dos seguintes efectos adversos non estaría relacionado con este fármaco?

- A) Cefalea.
- B) Sequidade de boca.
- C) Estrinximento.
- D) Tremor.

94. Ramiro é un paciente de 82 anos, diagnosticado de demencia tipo Alzheimer, incluído no programa de atención domiciliaria por presentar deterioración da mobilidade física e dependencia para as actividades básicas da vida diaria. Para determinar en que fase evolutiva do alzhéimer atópase o paciente, utilízase:

- A) Índice de Katz.
- B) Escala de deterioración global de Reisberg (GDS).
- C) EuroQol-5D.
- D) Escala Xixón.

95. Xoán ten 75 anos. Viúvo desde hai 5 anos, vive só, é independente para as actividades básicas da vida diaria e camiña 60 minutos á semana. Ten unha filla, Carmen, que o visita as fins de semana e axúdalle coa limpeza da casa e déixalle preparada a medicación nun pastilleiro semanal. Habitualmente acompáñao ás consultas no centro de saúde. Xoán acode á consulta de enfermería, e tras realizarlle un cribado de fragilidade obtés os seguintes resultados: baixo risco de caídas e unha puntuación na batería de probas de función física (SPPB) de 12 puntos. Cal sería a intervención máis adecuada?

- A) Consello integral en estilos de vida saudables.
- B) Expor un programa de actividade física multicomponente para revertir a fragilidade e a deterioración.
- C) Realizar unha intervención multifactorial para previr caídas.
- D) Expor a inclusión no programa de mellora da adherencia terapéutica mediante a preparación e entrega de sistemas personalizados de dosificación.

96. Victoria é unha paciente con EPOC estable que acode a consulta de seguimento. Dentro do programa de educación terapéutica non lle indicaría:

- A) Evitar alimentos moi quentes.
- B) Aumentar a inxesta de alimentos ricos en calcio.
- C) Aumentar o consumo de hidratos de carbono.
- D) Evitar os alimentos curados.

97. Luisa presenta unha lesión superficial de cor rosada en zona perineal, os seus bordos son difusos e con forma irregular e case non ten exsudación. Que modelo de tratamento aplicaría?

- A) Medidas de limpeza, hidratación, protección e educación sanitaria.
- B) Medidas de limpeza, hidratación, protección, cambios posturais.
- C) Medidas de limpeza, hidratación, protección, cambios posturais e SEMP.
- D) Medidas de limpeza, hidratación, protección, cambios posturais, SEMP e educación sanitaria.

98. Rosa é a cuidadora principal da súa nai, de 88 anos, que ten unha demencia avanzada. É dependente para todas as actividades básicas da vida diaria, e leva un mes inmobilizada na cama. Aproveitando unha visita domiciliaria, dálle unha serie de recomendacións para previr lesións cutáneas relacionadas coa dependencia. Sinale o enunciado incorrecto:

- A) Realizar cambios posturais cada 2–3 horas seguindo un sistema de rotación programado.
- B) É necesario moverlle as articulacións ao facer os cambios posturais, polo menos 3–4 veces ao día e sen provocar dor.
- C) Utilizar superficies dinámicas para o manexo da presión permite redistribuír a presión, pero non alivio da mesma.
- D) En posición de decúbito supino, as almofadas colocaranse baixo a cabeza e ombreiros, baixo a barriga das pernas e na planta dos pés.

99. Isabel acode á súa consulta porque ten unha lesión cutánea en membro inferior dereito desde hai dúas semanas. Está preocupada porque ve que lle está empeorando. Durante a valoración decide facer un ITB na perna, obtendo como resultado un ITB de 0,86. Que lle indica o devandito resultado?

- A) Pódese realizar terapia compresiva cun nivel máximo de presión de 20 mmHg.
- B) Están contraindicadas as medias de compresión médica.
- C) Existe enfermidade arterial periférica.
- D) É necesario derivar a Isabel de maneira urxente ao servizo de cirurxía vascular.

100. Carmen ten 70 anos, vive co seu marido Xosé de 75 anos e teñen 3 fillos cos que manteñen boa relación e visítanos a miúdo. Ambos son independentes para as actividades básicas e instrumentais da vida diaria. Carmen camiña 5 días á semana, aproximadamente unha hora. No último ano, tivo dúas caídas accidentais ao saír a camiñar, sen consecuencias graves. Durante a consulta, no contexto do consello sobre estilos de vida saudables, abórdase o tema do exercicio físico xa que Carmen atópase motivada e mostra disposición para mellorar o seu compromiso respecto ao mesmo. Co fin de previr as caídas, proponlle:

- A) Realizar tamén actividades de fortalecemento muscular para traballar os grandes grupos musculares, polo menos dous días á semana.
- B) Aumentar a intensidade do exercicio de moderada a vigorosa, polo menos 3 días á semana.
- C) Realizar tamén actividades físicas multicompoñente, polo menos tres días á semana.
- D) Aumentar a frecuencia coa que vai camiñar para evitar o sedentarismo.

101. Mobilízannos para atender un accidente de tráfico no que un condutor perdeu o control do seu turismo e chocou contra a mediana da autoestrada. Á nosa chegada a vítima atópase consciente, glasgow igual a 14. En relación coa necesidade de inmobilización cervical, cal dos seguintes non sería un criterio de alto risco de lesión cervical segundo a Canadian C–Spine Rule?

- A) Ser maior de 65 anos.
- B) Poder rotar o pescozo 45 graos á dereita e á esquerda.
- C) Presenza de parestesias en extremidades.
- D) Mecanismo lesional perigoso.

102. Pedro é un paciente con hiperuricemia que actualmente presenta dor aguda no dedo gordo do pé, con inflamación e avermellado. Cal dos seguintes alimentos non lle recomendaría nesta situación?

- A) Ovos.
- B) Cereais.
- C) Peixes.
- D) Lácteos desnatados.

103. Acode á súa consulta un paciente para realizar a extracción de tapóns de cera por irrigación. En relación á irrigación auditiva, cal das seguintes afirmacións é correcta?

- A) Débese traccionar o pavillón auricular cara atrás e cara abaixo en adultos.
- B) A irrigación realízase o máis centrada posible no conduto auditivo.
- C) A irrigación está contraindicada ante a presenza dunha pila de botón no conduto auditivo.
- D) Se hai sospeita de perforación timpánica, a irrigación faríase sen presión.

104. Lucía de 33 anos, acode para vacinarse fronte ao sarampelo, tras realizar unha determinación serolóxica na que se evidenciaba ausencia de inmunidade. Cal das seguintes afirmacións sobre a vacina tripla vírica é certa?

- A) Está contraindicada nos casos de alerxia ao ovo.
- B) Débese evitar o embarazo durante un mes despois da vacinación.
- C) O intervalo mínimo entre a administración da vacina tripla vírica e a febre amarela é de 8 semanas.
- D) En caso de ter que realizar a proba da tuberculina, débese facer despois da administración da vacina.

105. Ángela acábase de realizar unha analítica de control na que se obxectiva unha cifra de triglicéridos de 290mg/dl. Das seguintes recomendacións no estilo de vida, cal ten menor impacto na diminución da concentración dos triglicéridos?

- A) Diminuír o consumo de alcol.
- B) Reducir o consumo total de hidratos de carbono.
- C) Usar suplementos de ácidos graxos poliinsaturados omega 3.
- D) Consumir diariamente alimentos enriquecidos con fitoesteróis.

106. Severino é un paciente que empezou a ir a diálise 3 veces á semana. Dixéronlle que é moi importante que siga un réxime estrito e está moi preocupado porque ademais diso é diabético e hipertenso. Sabe que ten que ter moito coidado con algúns minerais como o potasio pero cústalle xestionar correctamente a compra e a elaboración dos menús na casa. Que recomendación non fariamos?

- A) É conveniente que consuma cereais integrais.
- B) Para cocer as verduras e hortalizas, recomendaremos a técnica da dobre cocción cambiando a auga.
- C) Aconsellaremos poñer a remollo os legumes como mínimo 8h e cambiando a auga polo menos dúas veces.
- D) Recomendaremos substituír o leite de vaca polo de soia ou améndoa.

107. Unha parella acode ao centro de saúde coa súa filla de 2 meses para a administración da vacina fronte ao rotavirus. Que precaución debemos ter en conta en relación con esta vacina?

- A) En caso de alerxia coñecida ao ovo poderase administrar a vacina, sempre en centros sanitarios cos medios adecuados.
- B) Ter en conta ás persoas inmunodeprimidas que sexan contacto do lactante vacunado.
- C) Administrar no músculo vasto externo da coxa cunha agulla de calibre 25G.
- D) En caso de trastorno neurolóxico non controlado pospoñerese a vacinación ata o seu control.

108. Luisa acode á súa consulta a un control de saúde. Refire que nas últimas semanas sofre de pirose asociada a episodios de regurxitación. Cal das seguintes indicacións non lle daría a Luisa?

- A) Realizar comidas ricas en proteínas.
- B) Evitar o chocolate e a menta.
- C) Durmir sobre o lado dereito.
- D) Consumir gomas de mascar.

109. Marisa sofre unha queimadura térmica na perna dereita que se estende desde o nocello ata a metade da coxa con afectación total do xeonllo. Das seguintes indicacións, cal non lle recomendaría?

- A) Na fase inicial, a zona queimada estará en repouso e elevada.
- B) É aconsellable camiñar para activar a circulación.
- C) Débese manter o membro afectado en hiperextensión entre os tres a cinco primeiros días.
- D) Ao empezar a deambular deberá utilizar vendas de compresión ou medias.

110. Xosé, de 69 anos, actualmente está a ser tratado con quimioterapia polo seu proceso oncolóxico. A quimioterapia adminístranlla de forma ambulatoria mediante infusor conectado a reservorio subcutáneo. Con que frecuencia se realizará o selado do reservorio no caso de que non estea a ser utilizado segundo a guía FEMORA: Procedemento de canalización e coidados do reservorio subcutáneo?

- A) Cada catro semanas.
- B) Cada oito semanas.
- C) Cada doce semanas.
- D) Non precisa selado se non está en uso.